

1ª sesión acompañamento entre iguais

5º E 6º DE EI. Dividiremos ao alumnado en dous grupos (25 nenos/as por grupo, mesturados). Presentaremos en asamblea unha serie de tarxetas con imaxes e palabra escrita: conto, recuncho, comida, xogo/xoguete, lugar do cole e cor, favorito de cada un/unha dos pequenos/as, o que servirá para coñecernos un pouco máis, os gustos e preferencias de cadaquén.

1º E 2º DE EP. O procedemento é similar ao de EI. Faranse dous grupos mesturados de ambos niveis e falaremos da temática das tarxetas que van saíndo, para coñecernos máis en profundidade. A temática das tarxetas será: conto, materia, comida, animal, cor, xogo de mesa.

Por último, en parellas, faremos xuntos unha sopa de letras.